

TÁBOAS ROTAS. MINDING THE GAP

[Bing Liu, 2018]

510

PASE ÚNICO EN NUMAX: 08.04.2019 | V.O.S.E.

Minding the Gap (2018, 100')

Dirección: Bing Liu

Participación: Keire Johnson, Bing Liu, Zack Mulligan

Son: James Lebrecht, Erik Reimers, Bijan Sharifi

Montaxe: Joshua Altman, Bing Liu

Música: Nathan Halpern, Chris Ruggiero

Fotografía: Bing Liu

Produtora: ITVS, Kartemquin Films,

American Documentary (EEUU)

Distribuidora: Americana

Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (Nomeado a mellor documental), Sundance 2018 (Premio especial do xurado), Gotham 2018 (Nomeado a mellor documental), Satellite Awards 2018 (Nomeado a mellor documental)

SINOPSE

Partindo do simple entretemento acrobático de vídeos sobre skate, Liu percátase que o seu grupo de amigos ten en común moito máis ca isto. Séntense excluídos da súa propia familia, os seus lazos familiares teñen carencias que cobren cos amigos indo facer skate. A medida que a adolescencia dos protagonistas vai ficando atrás, empezan os problemas e as obrigas propias da idade adulta, que con máis ou menos acerto, fan fronte cas ferramentas de que dispoñen.

AMERICANA X NUMAX

EN COLABORACIÓN CO AMERICANA.
FESTIVAL DE CINEMA INDEPENDENTE
NORTEAMERICANO DE BARCELONA

«Hai algo profundamente relevante na maneira en que Liu captura unha etapa na que os mozos son á vez nenos e adultos»

Brian Tallerico, ROGEREBERET.COM

OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX



“Aprendín cinema e edición nos foros de Internet”

Entrevista a Bing Liu

Por Vadim Rizov

Eu xa vira parte do que tiñas montado hai arredor dun ano. Lembro que a estrutura era diferente. Había unha escena nos primeiros minutos onde te encontras coa túa nai para falar sobre os abusos do teu padrastro e outra onde te entrevistaban no coche preguntándoches sobre os teus sentimentos (...). Gustaríame que falases sobre os cambios que fixeches despois. Comecei o filme sen querer saír nel. Todo o que eu tiña era unha cámara para gravar vídeos aos 14 anos. Vin filmes que me inspiraron como *Despertando a la vida* [Richard Linklater, 2001] *Kids* [Larry Clark, 1995] e *Gummo* [Harmony Korine, 1997]. As miñas primeiras curtas cando era adolescente consistían en seguir a xente por Rockford e filmar como se relacionaban entre eles. A estrutura baséase nos desvíos, en deixarlle un espazo á comunidade e outro ás persoas que forman parte dela. Aprendín cinema e edición nos foros de Internet. Había unha web chamada Skate Perception que era unha especie de Reddit para os makers de filmes de skaters de todo o país. Isto foi no ano 2000, cando Internet aínda estaba buscando a súa identidade en moitos aspectos. Iso xa non existe, os foros xa non son o que eran, a maioría deles. Cando tiña 19 fun á escola para estudar literatura. Logo conseguín o meu primeiro traballo en produción audiovisual e traballei moi preto do equipo de cámara, así que adestrei moito. Quería facer filmes independentes e crús que explorasen os mesmos temas que os filmes que vía cando era adolescente: cumprir a maioría de idade, traumas, o significado de vivir en verdadeiras situacións de caos. E claro, trátas de imaxinar o como narrar o teu propio mundo. Cando empecei a facer *Minding the Gap*, quería que o proxecto se centrara na comunidade skater. Ir ao cerne das relacións entre os skaters e seus pais e máis aló diso, o significado de medrar. Así que a clave o punto de partida era gravar

skaters de diferentes idades, xéneros — moitos tiñan xa fillos— e etnias por todo o país, sentados fronte a cámara.

Conectándoos entre eles? Si, amosalos patinando, no seu elemento, no seu ritual diario. E iso foi o ao que me dediquei durante o tempo no que estiven en Kartemquin cunha beca. Amosáronme filmes como *Hoop Dreams* [Steve James, 1994]. Era a primeira vez que oía o termo de *cinema verité*. Gordon Quinn dixo «eu só termo da cámara. Ás veces gravo, ás veces non. Son as vidas dos personaxes as que mandan». E eu «Ah, lémbreme a cando facía vídeos de skate e filmaba todo o que estaba arredor do feito de facer skate para encaixar unha narración». Estaba intentando captar cousas que representasen partes da historia. Algo así como «oh, Zack está agardando pola proba de embarazo da súa moza. Quero filmalo». Pero non «non fagas como que a cámara non está aquí». Era moi interactivo, ao estilo *Sherman's March* [Ross McElwee, 1986]. O que acordamos, desde as primeiras tomas, era que eu estaba alí en calidade de persoa que está detrás da cámara. Escribindo sobre o filme -para min, en escritos e diarios- souben que quería explorar esas cousas sobre as que me preguntei durante a miña existencia a través doutros skaters. Sabía que quería ser honesto niso de «son parte desta comunidade, e pasei por experiencias similares». Nas primeiras montaxes e encontros e nos primeiros visionados ao público, a xente sempre preguntaba como chegara a atopar a historia. Ás veces preguntábanme se me poñería a min mesmo no filme. E normalmente dicía que non, e iso era todo. Cando comecei a ver documentais persoais, eran algo máis que documentais persoais tradicionais, moito máis que unha narración en primeira persoa. Estaban contando as súas vidas, estaban explicando o que lles sucedera no pasado. Por tanto, iso é o que significa saír nun filme. Pero eu non quería iso.

Publicada en filmmakermagazine.com
Tradución: Olalla Cociña

O DIRECTOR

Bing Liu (1989), licenciado en literatura e afincado en Chicago, empezou a traballar no cinema sobre todo como cámara. Con *Minding the Gap* foi moi aclamado e recoñecido desde a súa estrea en Sundance en 2018, onde gañou o Premio especial do xurado. Participou en *America To Me*, serie documental que afonda nas desigualdades racistas do sistema educativo americano. Foi membro do International Cinematographers Guild durante sete anos, onde traballou con grandes directores de fotografía. Ten dous proxectos en marcha, o primeiro centrado en dous programas de intervención na violencia e o segundo centrado nas relacións da xeración *millennial*.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

AMERICANA X NUMAX

Luns 22 de abril
Leave No Trace (Non deixes rastro)
(Debra Granik, 2018)

Luns 27 de maio
Golden Exits
(Alex Ross Perry, 2017)

Luns 12 de maio
Segunda vez
(Dora García, 2018)

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org